Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**
CIF P-1506600 D
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

**ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR OU PROFESORA DE FORMACIÓN DE ADULTOS PARA A OBTENCIÓN DO GRADUADO EN ESO.**

En cumprimento do establecido na base 10.1 das que rexeron o procedemento de selección número 28/2011-SPLT convocado por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión realizada o 29 de setembro de 2011, para a provisión dun posto de traballo de profesor ou profesora de formación de adultos para a obtención do graduado en ESO, en réxime de dereito laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, faise público que por Resolución do Alcalde número 781/2011, do 15 de novembro de 2011, adoptouse o seguinte acordo:

**Primeiro**. Avocar a competencia para o nomeamento da persoa seleccionada para proveer o posto de traballo de profesor ou profesora de adultos para a obtención do graduado en ESO.

**Segundo.** Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a don **Ramona Gude Lorenzo** ao ter obtido a maior puntuación no concurso de méritos convocado para a provisión temporal dun posto de traballo de profesor ou profesora de formación de adultos para a obtención do graduado en ESO, expte. número 28/2011-SPLT.

**Terceiro**. Establecer a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que a/o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, tal e como prevé a base 10.3 e a bolsa de emprego prevista na base 11:

| Nº ORDE | APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | GUDE LORENZO, RAMONA. | **7,85** |
| 2 | GARCÍA SOUTO, OSCAR. | **5,23** |
| 3 | LAREU CAJARAVILLE, ALBA. | **4,00** |
| 4 | GARCÍA GARCÍA, ANA BELÉN. | **3,90** |
| 5 | CES ARES, ANA. | **3,40** |
| 6 | VILLAR MATOS, LAURA | **2,55** |
| 7 | GARCÍA CASTRO, RAQUEL. | **2,00** |
| 8 | CAULONGA LORENZO, ANA BELÉN. | **0,00** |

**Cuarto**. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo e formalizar coa interesada, no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a última publicación, o correspondente contrato laboral por obra ou servizo determinado consistente na formación de adultos durante o curso escolar 2011-2012 para a obtención do graduado de ESO, a xornada parcial de 10 horas semanais, previa presentación por parte da mesma da seguinte documentación:

a) Copia compulsada ou orixinal dunha certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo de limpador/a. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres meses anteriores ao día de presentación da mesma nas oficinas municipais.

b) Copia compulsada da Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.

**Quinto**. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto**. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 15 de novembro de 2011.

O Alcalde,

Asdo. Antonio Fernández Angueira.